



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL
RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09
Fax: 981 60 24 17
Email: persoal@arteixo.org

Ref: LR/bz/18
Dpto. de Persoal e RR.HH

Na Casa do Concello de Arteixo, o Sr. Alcalde-Presidente, D. Carlos Calvelo Martínez, ante mín, Secretaria Accidental, Dna. Eva María Montes Fernández, dictou a seguinte

RESOLUCIÓN:

O 3 de xaneiro de 2018 tivo entrada no Concello escrito presentado por unha aspirante admitida ó proceso selectivo para cobertura de dúas prazas de policía local cuxas bases e convocatoria foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 4 de maio de 2017, e modificadas o 21 de xuño de 2017, sendo publicadas no BOP número 104 de data 5 de xuño de 2017 e número 126, de 5 de xullo de 2017

Á vista do referido escrito, e tendo en conta o disposto nas Base Novena das reguladoras do proceso selectivo, procede que o Tribunal designado resolva o que proceda.

Por isto é polo que, en virtude das competencias atribuídas na materia polo artigo 21.1 da Lei 11/99 de modificación da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local e, de conformidade ao establecido polo Real Decreto Lei 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007 de 13 de abril do Novo Estatuto do Empregado Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Empregado Público de Galicia e demais concordantes

RESOLVÍN:

PRIMEIRO.- Convocar ós membros do Tribunal de selección designado para o proceso selectivo para cobertura de dúas prazas de policía Local por Resolución da Alcaldía número 3381/2017, de 15 de decembro de 2017, para a súa constitución o próximo 11 de xaneiro de 2018 ás 13:30 horas na Sala de Reunións das dependencias da Policía Local municipal e resolución do escrito presentado referido no corpo da presente Resolución.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente Resolución ós membros do Tribunal designado.

Mándao e asíno ante mín, o Sr. Alcalde-Presidente, na data que figura na marxe. Dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE

A SECRETARIA ACCTAL.

Asdo.: Carlos Calvelo Martínez

Asdo.: Eva María Montes Fernández